

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 19.06.2026

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D. Jorge Cubela López

D. Roberto José Álvarez Carrero, en substitución de D^a. Luisa
María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D^a. Beatriz Lomba Rodríguez

D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a técnica do Servizo de Medio Ambiente D^a. Angela García Fontenla.

Aberta a sesión polo presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2026040441)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 411ZVI4395KRLCW3), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de maio do ano dous mil vinte e seis co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Dar conta do comezo do programa +Bosques 2026 (Expediente 2026035498)

“ASUNTO: DAR CONTA DO COMEZO DO PROGRAMA +BOSQUES 2026 (EXPEDIENTE 2026035498)

Os baños de bosque, ou shinrin-yoku (técnica que xurdiu no Xapón nos anos oitenta), baséanse en diferentes programas de investigación de ámbito mundial cuxos resultados amosan efectos fisiolóxicos que favorecen a relaxación mental e física; son prácticas nas cales se estimulan os sentidos ao estar en contacto coa natureza, o que permite mellorar a saúde e aumentar a sensación de felicidade e calma. Non se trata de rutas ao uso, senón que se pretende conectar coa natureza a través dos cinco sentidos desde un punto de vista terapéutico, sen deixar de lado o labor fundamental de protección dos bosques.

Porén, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha un ano mais o programa +Bosques, o cal deu comezo o pasado 6 de xuño, composto por sete percorridos polos seguintes espazos naturais: Barosa (Barro), Carboeiro (Silleda), illa de Tambo (Poio), pazo de Lourizán (Pontevedra), río Maneses (O Campo Lameiro), río Lérez (Pontevedra) e fervezas de Parafita e Raxoi (Valga). Este ano 2026, incorporáronse catro novas rutas as cales nunca se realizaron no marco do programa +Bosques como son Barosa, Carboeiro, río Maneses e fervezas de Parafita e Raxoi, ofrecendo



e descubriendo á cidadanía enclaves singulares da provincia de Pontevedra onde, ademais se pode practicar baños de bosque.

As actividade levaranse a cabo as fins de semana dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro do ano 2026, a razón de dúas saídas por día, segundo amosa o seguinte calendario, e, polo tanto, poderán participar arredor de 1.600 persoas:

Mes	Día	Hora	
		10:00 h	10:30 h
Xuño	6	Barosa	Barosa
	7	Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán
	13	Río Lérez	Río Lérez
	14	Valga	Valga
	20	Carboeiro	Carboeiro
	21	Río Maneses	Río Maneses
	27	Valga	Valga
	28	Illa de Tambo	Illa de Tambo
Xullo	4	Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán
	5	Río Lérez	Río Lérez
	11	Barosa	Barosa
	12	Illa de Tambo	Illa de Tambo
	18	Río Maneses	Río Maneses
	19	Valga	Valga
	25	Carboeiro	Carboeiro
	26	Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán



Mes	Día	Hora	
		10:00 h	10:30 h
Agosto	1	Río Lérez	Río Lérez
	2	Barosa	Barosa
	8	Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán
	9	Illa de Tambo	Illa de Tambo
	15	Valga	Valga
	16	Carboeiro	Carboeiro
	22	Río Maneses	Río Maneses
	23	Río Lérez	Río Lérez
	29	Barosa	Barosa
	30	Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán
Setembro	5	Río Lérez	Río Lérez
	6	Carboeiro	Carboeiro
	12	Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán
	13	Valga	Valga
	19	Barosa	Barosa
	20	Río Maneses	Río Maneses
	26	Río Lérez	Río Lérez
	27	Carboeiro	Carboeiro

“

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

3. Dar conta da aprobación do protocolo de actuación para a realización de análises e identificación de pragas de cuarentena entre a Dirección Geral de Alimentação e Veterinária (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Diputación de Pontevedra, España). Expediente 2026045752



“DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA ENTRE A DIRECCIÓN GERAL DE ALIMENTAÇÃO E VETERINÁRIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ESPAÑA). EXPEDIENTE 2026045752

Na Estación Fitopatolóxica Areeiro EFA) realízanse as análises para o diagnóstico e a detección de calquera organismo (fungos, oomicetos, bacterias, virus, nematodos e artrópodos), causante de danos a especies agrícolas, ornamentais e forestais, tanto as enviadas por particulares e servizos oficiais coma as pertencentes a convenios e a proxectos con distintas entidades, públicas e privadas, de dentro e de fóra de Galicia.

Dende o ano 2022, a Dirección Xeral de Alimentación e Veterinaria (DGAV) de Portugal envía unha carta de convite solicitando a realización de análises de pragas de corentena na EFA. Estas analíticas realízanse conforme ás normas de actuación da EFA e están suxeitas á Ordenanza de Prezos públicos vixente.

Na primeira semana de xuño de 2026 aprobose, por quinto ano consecutivo, o protocolo de actuación para a realización de análise e identificación de pragas de corentena entre a Dirección xeral de Alimentação e Veterinária (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Deputación de Pontevedra, España). As pragas incluídas neste protocolo preséntanse na seguinte táboa:

Praga

<i>Aleurocanthus citripertus</i>	<i>Keiferia lycopersicella</i>
<i>Aleurocanthus spiniferus</i>	<i>Lycorma delicatula</i>
<i>Aleurocanthus woglumi</i>	<i>Nemorimyza maculosa</i>
<i>Ceratocystis platani</i>	<i>Neoleucinodes elegantalis</i>
<i>Diaphorina citri</i>	<i>Pityophthorus juglandis</i>
<i>Elsinoë fawcettii</i>	<i>Scirtothrips aurantii</i>



<i>Eotetranychus lewisi</i>	<i>Scirtothrips citri</i>
<i>Epitrix cucumeris</i>	<i>Scirtothrips dorsalis</i>
<i>Epitrix papa</i>	<i>Tecia solanivora</i>
<i>Epitrix subcrinita</i>	<i>Tilettia indica</i>
<i>Epitrix tuberis</i>	<i>Tomato Leaf Curl New Delhi Virus</i>
<i>Geosmithia morbida</i>	<i>Toxoptera citricida</i>
<i>Grapevine flavescence doree</i>	<i>Trioza eryteae</i>
<i>phytoplasma</i>	<i>Unaspis citri</i>

Estímase que as primeiras pragas de corentena procedentes de Portugal serán recibidas durante o verán.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

4. Rogos e preguntas

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

